

RESOLUCIÓN do tribunal que avalía o proceso para a cobertura de un posto de persoal investigador, na modalidade de investigador distinguido, no marco do programa Oportunius dentro do dominio ERC de Ciencias Físicas e Enxeñaría, pola que se elevan a definitivas as puntuacións provisionais do proceso.

Por resolución do 6 de xullo do 2021, o tribunal nomeado pola resolución do 22 de xuño de 2021 para valorar o proceso selectivo para a cobertura na Axencia Galega de Innovación de un posto de persoal investigador, na modalidade de investigador distinguido, para beneficiarios dunha bolsa ERC, no marco do programa Oportunius dentro do dominio ERC de Ciencias Físicas e Enxeñaría, acordou outorgar ao candidato David Ryan Glowacki (**0089**) **25 puntos** na segunda fase e un total no conxunto do proceso de selección de **96 puntos**.

Ao non terse presentadas reclamacións no prazo sinalado a tal efecto, acórdase elevar a definitivas as anteditas puntuacións.

Polo tanto, de acordo co establecido no artigo 15 das bases da convocatoria, o Tribunal selecciona para a praza de investigador, na modalidade de investigador distinguido, no marco do programa Oportunius dentro do dominio ERC de Ciencias Físicas e Enxeñaría a David Ryan Glowacki (**0089).

Asinado dixitalmente en Santiago de Compostela na data que figura na marxe

O secretario do Tribunal
Benito R. Fernández Rodríguez

